

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 3 DE xullo de 2008

Sendo as doce horas do día 3 de xullo de 2008, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- Dña Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira delegada de Persoal, como Presidenta
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior
- Dña Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dña Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores

- D. Susana Álvarez Fernández (CC.OO)
- D. Jose María Calatayud Sánchez (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. José Ángel Varela Moure (UGT)

A orde do día da presente mesa é o seguinte:

- 1º Aprobación da actas de sesións anteriores
- 2º Sistema de traballo da Policía Local.
- 3º Bases do concurso de provisión de postos de traballo
- 4º Rogos e preguntas

Por parte da Sra. Presidenta declárase aberta a sesión. Ante a ausencia de D. German Lago, Director da Área de Seguridade Cidadá, alérase a orde do día, iniciándose a sesión co punto referente ás bases do concurso para a provisión de postos de traballo. CSI-CSIF solicita que se comece a reunión polo punto de rogos e preguntas coa intención de aclarar definitivamente algúns asuntos que vimos arrastrando dende os inicios da Mesa Xeral de Negociación. A concelleira contesta que non que se seguirá a orde establecida.

Segundo co terceiro punto da orde do día, Dña Loreto Díaz expón as modificacións que se realizaron nas citadas bases, recollendo algunha das alegacións manifestadas polos representantes sindicais na Mesa de Negociación do día 12 de xuño. As modificacións recollidas son as seguintes:

- No apartado "Valoración do traballo desempeñado", engádese ás bases un anexo no cal se recollen as distintas Áreas funcionais que se terán en conta no citado apartado. Faise entrega de anexo a representantes sindicais, achega copia á presente acta.
- No apartado de " Cursos de formación e perfeccionamento", realízanse os seguintes cambios:
 - Baixa a puntuación dos masters, cursos de postgrao ou cursos de especialización, a 1 punto e indicase que os mesmos só se terán en conta nos postos de nivel 22 ou superior.

- Os cursos recibidos terán unha puntuación máxima e os cursos impartidos terán á súa vez tamén unha puntuación máxima, con independencia da puntuación máxima deste apartado, baixándose tamén a puntuación neste apartado.
- No apartado de "antigüidade" sóbese a súa puntuación máxima.
- No apartado de "Titulacións" realízanse as seguintes modificacións:
 - As titulacións superiores ás que se esixen para o posto de traballo ao que se opta para ser valoradas deberán estar relacionadas co seu contido.
 - Elimínanse as titulacións relativas aos idiomas.
- No apartado referente ao "Grao de coñecemento do galego", divídese nos catro graos e a puntuación máxima será de 2,2 puntos.
- Nos méritos específicos, dispónse que "a Comisión de Valoración celebrará unha entrevista con cada solicitante" e elimínase o apartado de conciliación da vida laboral e familiar.
- En canto á composición do tribunal, inclúese a obriga de que un dos vogais deberá ser funcionario de cada unha das áreas que se valoren.

Concedida a palabra aos representantes sindicais, D. Roberto Tizón, en relación á composición do tribunal, manifesta que no tribunal non se indica que un sexa por proposta das representacións sindicais. Co novo Estatuto Básico, os vogais integran o tribunal en nome propio non podendo representar a ninguén pero aclara que se pode ser "a proposta de" do mesmo modo que o Alcalde designa os outros vogais. Dña Obdulia Tabodela responde que darán traslado desta cuestión á Asesoría Xurídica para consulta.

En relación á antigüidade, Dña Marina Lorenzo expón que a puntuación é por anos, de modo que se unha persoa ten unha antigüidade de anos e 6 meses, eses meses non puntúa. Dña Loreto Díaz contesta que tal e como está nas bases non puntuaría. Así mesmo, manifesta que nalgúns bases o que se recollen é fraccións de 6 meses, pero pasaría o mesmo con períodos inferiores a 6 meses. D. Roberto Tizón propón utilizar a antigüidade real para o desempate. Por parte de CC.OO propónse que a antigüidade se compute por meses, ao ser o máis xusto. Por este momento, acórdase, por unanimidade, puntuar a antigüidade por meses.

Dña Obdulia Taboadela pregunta neste momento os representantes sindicais que van votar ás bases do concurso. D. Roberto Tizón contesta que as estudará no seu conxunto e dará a súa resposta. Dña Obdulia Taboadela solicita dos representantes sindicais que en canto se estuden as bases, contesten o antes posible co fin de poder aprobalas.

Seguidamente pásase ao Sistema de Traballo da Policía Local. Escúsase a presenza de D. German Lago que non pode acudir á reunión. D. Manuel Aceña formula as seguintes cuestións en relación a este tema:

- En relación ao abono das lapelas, non se realizou ningún pagamento máis dende o primeiro abono. Dña Loreto Díaz contesta que o que se acordara era un primeiro pagamento inicial e, ao establecerse o novo sistema de quendas, realizaríase un segundo abono de liquidación. Seguindo co mesmo tema, D. Manuel Aceña indica que as detraccións por incapacidade laboral que se realizaran no primeiro pagamento non se aboaron. Solicita que antes de proceder ao pagamento, se vexan eses cálculos. Dña Loreto Díaz contéstalle que se fixeron algúns cálculos, que hai que examinalos e que se verán cun representante de cada sindicato antes do seu abono.
- Outra cuestión que formula D. Manuel Aceña, é a situación dalgúns mandos como consecuencia de que a escala de mandos de Policía Local se atopa incompleta. Iso provoca que un mando teña que asumir as funcións do seu superior xerárquico. Isto estase a producir non só a nivel de cabo

(actualmente oficiais, escala básica), como consecuencia da nova estrutura de traballo dos sarxentos (escala executiva), senón tamén nos suboficiais, xa que a escala técnica (oficiais, actualmente intendentes) atópase practicamente baleira e o devandito papel estano a asumir os suboficiais (actualmente inspectores principais) que pertencen á escala executiva. D. Manuel Aceña formula como medida provisional que se lles compense dalgún xeito, ben economicamente, ben en tempo libre. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que dará traslado desta cuestión ao Director de Seguridade Cidadana e se dará unha resposta.

- Xa en concreto en relación co tema do sistema de quendas, D. Manuel Aceña manifesta que existen algúns focos que hai que solucionar, concretamente que nalgúns servizos específicos é difícil axustalos ao novo sistema de quendas e, por outro lado, aumentar o factor corrector da quenda de noite sobre o que está na proposta. D. Manuel Aceña manifesta que este sería un importante punto de peche.

Dña Obdulia manifesta que dará traslado destas cuestións ao Director de Seguridade Cidadá ao obxecto de poder pechar o novo sistema o antes posible.

- A continuación pásase á quenda de rogos e preguntas:
 - En primeiro lugar faise entrega a sindicatos de Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de A Coruña e Air Liquide Ibérica de gases, S.L.U., en resposta á petición formulada en mesa pola CIG. En canto ao convenio con INDITEX, este non está operativo por incumprimento dunha das partes.
 - D. Andrés Otero formula as seguintes preguntas en relación a distintas cuestións que se veñen arrastrando dende mesas anteriores:
 - Información sobre as horas extraordinarias, listado de vacantes, listado nominal de postos de traballo, organigramas.
 - Listas nominais de postos de traballo vacantes. Iso é necesario porque se están a facer nomeamento de funcionarios interinos e non sabe se son vacantes ou non.
 - OEP/2008.
 - Aclarar a cuestión dos mil euros. ¿Tense en conta ou non a produtividade para considerar que se cumpre o compromiso de que ninguén cobre menos de mil euros ao mes? Dña Obdulia Tabodela contéstalle que para respectar as diferenzas entre as categorías e postos, entende que a produtividade debe estar incluída. Así mesmo, difire esta cuestión á finalización da aplicación do acordo da Valoración, posto que aínda falta por aboar o 30% deste.
 - Criterios de abono da produtividade. Neste momento, faise entrega aos sindicatos dos criterios de abono das distintas productividades. Dña Marina Lorenzo expón que no acordo de VPT se facía referencia ás gardas de rexistro e cemiterios, en canto á forma de abono e quen podía prestar o devandito servizo. Dña Obdulia Taboadela contesta que antes a garda de rexistro e cemiterios era unha soa garda, pero que despois do acordo de VPT se cambiou a oficina de lugar. Por iso, as gardas sepáranse e fanse por persoas distintas.
 - Petición do listado de compatibilidades. Dña Loreto Díaz contesta que se está a facer, pero pendente de rematar.
 - D. Manuel Aceña pregunta por que para facer o exercicio práctico da promoción interna dos administrativos se alugaron unha serie de equipos, sobre 50, cun alto custo, cando a Sra. Concelleira está a afirmar austeridade e no concello se conta con equipos abondos para facer o exame. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que para os exames é necesario que todos os equipos sexan iguais e todos os equipos contén coa mesma programación.

- Seguindo co tema das productividades, D. Manuel Aceña pregunta ¿por que se establecen contías diferentes para esas actividades, con grandes diferenzas entre elas? O que fai falta, segue manifestando, é negociar os criterios que se aplican. É necesario negociarlos e dar sentido a estas contías.
- Dña Marina Lorenzo pregunta por que se cambiaron as contías, podíanse negociar, traéndolas á mesa. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que o que se cambiou é a forma de abono.

Neste momento xorde o tema do incidente de execución da sentenza da promoción interna dos administrativos e o recurso contencioso-administrativo contra o proceso selectivo de catro funcionarios interinos. En relación a esta última cuestión, Dña Obdulia Tabodela expón que se non tivese vontade de negociar, non negociaría un posterior baremo para a selección de funcionarios interinos. Así mesmo, mostra a súa sorpresa e manifesta que desexa coñecer cuales son as causas do que está a pasar. Por iso solicita que os sindicatos lle expliquen o que está a pasar. D. Manuel Aceña contéstalle que os sindicatos sempre tiveron un ánimo conciliador. D. Juan Manuel Díaz Villoslada, en relación ao incidente de execución da sentenza da promoción interna dos administrativos manifesta que este tema foi negociado nas mesas, chégase a un acordo e agora aparece nos xulgados. D. Roberto Tizón manifesta que a CIG dixo dende o principio que estaba en contra da Resolución de execución de sentenza.

- D. Roberto Tizón formula as seguintes cuestións:
 - Por que non se aboa a produtividade dobre na paga extra, igual que a especial dedicación, xa que ambas as dúas están vinculadas ao cumprimento do horario. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que no acordo da VPT se acordou unha cantidade anual 1200 € e se repartiu en doce mensualidades.
 - Problemas de conciliación e de baixas en bibliotecas. Formulárase a cobertura destas situacións. Dña Lorena Abad Carrera contéstalle que as devanditas coberturas xa están en trámite.
 - Expediente de revogación da falta grave no expediente disciplinario seguido contra 56 bombeiros. Pregunta que efectos terá a revogación, Dña Loreto Díaz contéstalle que dende o principio.

Como data para a próxima mesa de negociación, sinálase o día 10 de xullo, ás 10:00, para tratar o sistema de traballo da Policía Local e as bases do concurso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.